

Laudatio de Miguel Vázquez Freire con motivo do seu nomeamento como socio de honra de Galix (21/09/22)

Manuel Bragado

Gálix solicítame que lea unhas palabras sobre a traxectoria de Miguel Vázquez Freire, o que considero unha honra e un privilexio para min, tanto polos moitos afectos que nos unen como polos numerosos proxectos que compartimos ao longo das últimas catro décadas. Intentarei apenas facer un exercicio de memoria, polo tanto subxectivo e tinguido de emoción, e probablemente con algún esquezo para o que solicito a vosa comprensión.

Coñecín a Miguel hai case corenta anos en Santiago nas primeiras reunións do secretariado de Nova Escola Galega que daquela, curso 1983-1984, comezaba a súa andaina como plataforma de confluencia de diversos grupos de renovación pedagóxica. Miguel era un profesor mozo de Filosofía de Ferrol, procedente de Madrid, onde rematara a carreira na Complutense e colaborara nas actividades de Acción Educativa. Pouco despois, desprazouse a Vigo, como profesor do Instituto de Coia 2, hoxe IES Alexandre Bóveda.

Naqueles anos vigueses compartimos con Xesús R. Jares e Rafael Ojea, as primeiras actividades do grupo local de Nova Escola Galega, singularmente as Xornadas de Educación para a Paz e a celebración do 31 de xaneiro no contexto da carreira nuclear. Daquela Miguel xa estaba moi comprometido no funcionamento do seu instituto, instalado no centro da parroquia viguesa do Cristo da Vitoria, entón tempos de reconversión e heroína, un espazo de risco e vulnerabilidade social, onde era responsable do grupo de teatro. Foi ese tempo cando amigamos e coñecemos a súa familia e ao gato Bogart, que se a memoria non me engana, saíu ileso dunha caída polo patio de luces dende o oitavo piso onde vivían, peripecia relatada no seu primeiro libro infantil, *O gato Bogart* (Xerais 1989), ilustrado pola gran Asun Balzola.

Nas longas conversas sobre libros, cine e fútbol, souben dos seus meses no cárcere de Carabanchel como militante antifranquista, da súa participación nos días de Madrid no lanzamento da revista infantil *El tobogán*, contidos que finalmente serían publicados en formato de libro baixo o título *Escocuentos*; proxecto de publicación ilustradas para a infancia que sería outra das súas angueiras durante varias décadas. Como tamén o sería o seu interese polo mundo da imaxe e a súa relación coa infancia, singularmente coa televisión, cuestión sobre a que publicou numerosos traballos en *Cuadernos de Pedagogía* e mesmo aquel sonado ensaio de *Los teleniños* (*Cuadernos de Pedagogía*, 1987), que asinou con Manuel Alonso e Luis Matilla.

Interese pola cultura audiovisual e a súa dimensión educativa que o levou a animar o grupo de traballo Pé de Imaxe, dentro de Nova Escola Galega, organizador ao longo da década de 1990 dos congresos anuais homónimos na Escola de Imaxe e Son da Coruña nos que xa hai xa vinte e cinco anos se reflexiona sobre cuestións como a escola no labirinto dixital ou a utilización dos novos medios na aula.

Foi tamén naqueles anos de entusiasmo, cando a partir de 1983 compartimos tarefas de divulgación pedagóxica nos suplementos «A pizarra» e «O pizarrín» de *Faro de Vigo*, publicados integramente en galego, coordinados polo xornalista Xosé Antonio Perozo, actual presidente de Galix, nos que de forma pioneira se daban conta de experiencias de renovación pedagóxica e galeguización educativa no primeiro e no segundo de contidos e críticas de literatura infantil.

Xaora, sería coa creación da *Revista Galega de Educación* en 1986, promovida por NEG e editada por Xerais, onde se estreitou a nosa amizade e colaboración como membros do consello de redacción, no que estaban tamén Antón Costa Rico, Luis Otero, Rafael Ojea, Xosé Manuel González «Oli», entre outros; publicación na que continúa ocupándose dos contidos de literatura infantil, destacando tamén polas súas entrevistas conversadas e a coordinación de monográficos.

Esta participación no xornalismo educativo, literario e cultural, será un dos compromisos de Miguel máis persistentes ao longo da súa vida. A súa sinatura, o talento divulgador das súas reportaxes ou as súas críticas analíticas e sempre moi oportunamente contextualizadas están presentes nas coleccións de publicacións como *Cuadernos de Pedagogía*, *Clij*, *El Urogallo*, *Fadamorgana*, *Bloc*. *Revista Internacional de Arte e Liteatura Infantil* ou *Tempos novos*, revista da que é membro do consello de redacción e responsable da súa sección de pensamento.

Volvendo a aqueles anos vigueses dos oitenta de Miguel, os da movida de Siniestro total e os Resentidos, cando as grúas estaban asombradas, foi entón cando escribiu a súa primeira novela, tamén o seu primeiro libro publicado, *Proxecto pomba dourada* (1987), editado por Vía Láctea, un novo proxecto co que colaboraba Nova Escola Galega, onde tamén se estrearon como narradores Xabier P. Docampo, Luís Rei Núñez e Eusebio Lorenzo Baleirón.

Proxecto pomba dourada foi para min tamén o primeiro orixinal que lin, o que supuxo unha experiencia inesquecible, tamén o inicio da obra literaria de Miguel que transitou polo misterio da palabra como un espírito de calor que guía ao lector, como facía o anel Merlín con Arno o protagonista desta novela de ciencia ficción, que por ventura puidemos incorporar anos despois á colección xuvenil Fóra de Xogo.

Tamén foi de 1987 a participación de MVF na creación da colección Merlín, xunto a Agustín Fernández Paz e Xosé Lastra Muruais, sendo editores de Xerais, primeiro Luís Mariño, cando o proxecto de colección se identificaba como «No corno da lúa», despois Víctor F. Freixanes, da man de quen apareceron en 1988 os primeiros títulos co deseño do paxariño de Miguelanxo Prado.

Participación como codirector de Merlín durante vinte e cinco anos que desenvolveu un catálogo de lecturas graduadas referenciais para a lix galega, tanto a nivel de

autorías, xéneros e formatos. Sei que as lecturas de Miguel e a súa aposta polos textos máis anovadores e arriscados, así como polos novos valores da ilustración galega ou por traducións como a de *Xiganos e anantes* de Manuel Antonio Pina, contribuíron ao brillo desta colección alicerce, que estes días publicou o seu número 325.

Como autor Miguel publicou en Merlín *A malvada María Xosé* (1989), a súa segunda novela xuvenil, hoxe xa un clásico, e unha deleitosa peza teatral, *A princesiña Socorro, o trobeiro Carolo e o demo dos contos* (1995), que asinou coa súa amiga Gloria Sánchez, outra das figuras pioneiras da nosa lix, coa que colaborou noutros proxectos. Dous dos seus títulos infantís mais emblemáticos dun catálogo extenso, que forma parte dos fondos de Xerais, Casals e Baía, no que sempre aniñan o misterio e a fantasía, características da súa escrita.

Como codirector de Merlín, foi Miguel o autor daqueles dez consellos para mercar un libro infantil, que ilustrados por Fran Jaraba formaron parte dunha campaña de fomento da lectura en galego de Xerais. Un texto de mediación no que defendía o valor literario dos libros infantís e o valor das bibliotecas familiares e escolares.

Ademais da súa actividade como autor, crítico e editor infantil, a comezos da década de 1990, MVF participou na elaboración de materiais didácticos de Filosofía, Ética, Estética, Educación en Valores e Dereitos Humanos formando parte dos grupos de profesorado Enxergo e Nexos, que mantiveron unha colaboración con Xerais durante tres décadas. Neste eido, a actividade de MVF será amplísima, tanto como autor de monografías referenciais como o seu *Nietsche* (1991) de COU ou o recente manual de *Psicoloxía* (2017), en colaboración con Eva Garea, ou como participante e coordinador de varios manuais de bacharelato de Filosofía, Historia da Filosofía ou de Comentario de textos filosóficos.

Escritura didáctica que fixo compatible coa de tradutor de textos filosóficos como *O discurso do método* (Xerais 2000)

de René Descartes, un fito para a filosofía en galego, ou a do orixinal do ensaio do profesor compostelán Guillermo Domínguez, *Arredor da verdade* (2003). Oficio de tradutor ocasional con achegas na colección Merlín, onde se inclúe esa marabilla que é *O home que non quería soñar. Historias pequenas de bechos pequenos* (Xerais 1995) de Álvaro Magalhaes.

Tarefa de tradutor que tamén estivo vinculada pola súa preocupación pola recuperación dos clásicos da literatura infantil e xuvenil e ampliación deste catálogo en lingua galega. Interese que o levou a desenvolver entre 2006 e 2018 unha serie de artigos na *Revista Galega de Educación* sobre esta temática, recollidos en parte no libro *Da Carapuchiña ao señor Lamote* (Xerais 2019), unha das súas achegas máis brillantes, no que estuda 32 clásicos da literatura para a infancia e a mocidade en lingua galega.

Un libro no que MVF asume o seu papel de mediador con paixón e defende os libros e os contos clásicos como aqueles poucos que conseguen superar os límites do momento no que foron concibidos e demostran que a súa voz continúa a dicir cousas valiosas a xentes moi distintas a aquelas que a escoitaron por vez primeira, indicio de que estamos diante dun texto que se eleva sobre o fenómeno superficial da moda.

Consideración de clásico que lle acae a algunhas das novelas xuvenís de Miguel, xa citadas, como e sobre todo a *Anxos en tempos de chuvia* (Xerais, colección Fóra de Xogo, 1997), traducida a todas as linguas peninsulares, incluída dende hai vinte e cinco anos da Lista de Honra do IBBY. Miguel escribe para unha adolescencia que, nas súas palabras, «xa non admite que os lobos saian en medio dos camiños a parolar coas rapazas». Miguel escribe para «un lectorado que está disposto a poñer os ollos en lugares onde as preguntas son máis poderosas que as respostas».

Velaí o compás que enxergou o seu proxecto narrativo moi coidado, do que forma parte tamén *Galería de esquecidos de Feliciano Lobelos* (Xerais 1993), libro de relatos, o

primeiro en Xerais Narrativa, que lle custou máis dun desgusto no Corcubión natal, pola vella polémica dos límites entre o real e o literario.

Xa máis recentemente publicou *Demos de verán* (Xerais 2017), a súa novela máis lograda, froito dunha década de traballo, despois de tela abandonada durante un tempo, confesou que librou unha dura batalla con ela, máis teimudo como é Miguel conseguiu finalizala. Definida como unha novela paródica das novelas esotéricas ou unha novela de misterio con fondo esotérico, para a que, coincidindo coa súa xubilación como catedrático do IES Eduardo Pondal de Santiago, abriu un blog para publicar contidos estendidos. Outro botón de mostra da súa paixón por compartir os saberes, actitude que caracterizou tamén o seu carácter empático e a súa dispoñibilidade colaborativa, como forma de instalarse no mundo.

Desa paixón divulgadora naceu outro dos proxectos editoriais nos que tiven a fortuna de colaborar con Miguel, a da colección de Xerais «Básicos Ciencia», iniciada en 2016 cun texto sobre a historia do ADN de Daniel Soutullo e a apaixonante viaxe polo planeta de Xurxo Mariño, no que despois tiveron cabida outros sobre Matemáticas, Física Cuántica e Climatoloxía.

Nesta panorámica do traballo de Miguel merece mención á parte a creación da revista infantil *Golfiño*, piar sobre o que se desenvolveu a banda deseñada infantil en Galicia, da que foi creador e director na súa primeira etapa, 14 números publicados por Xerais entre 1999 e 2000, como director na segunda, 89 publicados entre 2002 e 2004 por *La Voz de Galicia*. Certo é que non puidemos consolidar esta publicación, semellante á catalá *Cavall fort*, quizais pola carencia de apoio institucional, a un proxecto galeguizador e de fomento da lectura, da que os participantes, tanto Miguel como Fausto Isorna, director artístico, sentímonos orgullosos. *Golfiño* demostra que a edición é un proceso comunicativo e creativo no que paga a pena arriscarse.

Tras este repaso da obra literaria e editorial de MVF, desenvolta como profesor, formador de profesorado, editor, crítico, narrador, poeta ocasional, tradutor, divulgador científico, ensaísta, xornalista educativo e cultural, guionista de televisión (lembro de colaborar con el nun guión dun programa de TVE sobre a educación Galicia), director teatral, dramaturgo, especialista en cultura audiovisual, embaixador da lix galega, non podemos deixar de citar a súa dimensión como teimoso activista educativo e cultural. Miguel é un argalleiro de primeira orde. A listaxe das súas militancias activistas queda pequena este serán.

Militante antifranquista. Fundador NEG, da RGE, Pé de Imaxe e *Golfiño*. Fundador e directivo de Galix. Fundador dos Encontro luso galaicos franceses de literatura infantil e xuvenil de Porto. Membro da Universidade Cromática das Virtudes, dentro da que é fundador das Xornadas de Filosofía para veraneantes de Corcubión...

E seguro que algunha outra que deixamos atrás. Mais sobre todo Miguel é lector e conversador voraz como poucas persoas coñezo.

Estes días chega ás librarías o seu último libro *O moucho voa. Filosofía en 28 conversas* (Xerais 2022), un libro pensado para introducir á mocidade na Filosofía por medio de conversas amenas e desenfadadas sobre as grandes ideas do pensamento que a todos interesa. Un libro nacido dun programa emitido semanalmente en Radio Neria, a radio municipal de Corcubión, entre 2020 e 2021, amosa a práctica socrática presente en todos os seus proxectos.

Foi Miguel Vázquez un dos fundadores da Lix contemporánea galega, membro da xeración dos mestres que se nos foron, Agustín e Xabier. Acreditou coma eles no valor didáctico da literatura infantil e da ilustración, da que é un dos nosos principais investigadores.

Miguel, como sinalou Xabier P. Docampo, é «un descubridor da palabra e da súa capacidade creadora». Miguel «ama a palabra como lugar do acubillo do saber humano, como

destino aberto do home que busca as portas de entrada ao seu propio corazón. Pero tamén como o máis misterioso dos dons humanos».

Recoñecelo como socio de honra de Galix é apenas un xesto de gratitude colectiva a quen tanta xenerosidade debemos.

Miguel é un escritor maior dunha literatura que non é menor, como escribiu o seu admirado Manuel Antonio Pina. Todos os parabéns para el.

Biblioteca Afundación, Santiago, 21 de setembro de 2022